

CICLO PLACERES OCULTOS - OUTONO 2011



[Desconcierto Cultural](#) vólvenos a traer este outono o [Ciclo Placeres Ocultos](#), un ciclo de concertos nos que se pretende dar a coñecer propostas marxinais, alonxadas dos circuitos convencionais, pero cheas de talento: artistas descoñecidos mesmo para o público máis especializado, pero cunha enorme proxección artística; pequenas pedras preciosas que farán as delicias do ointe máis esixente.

Tralos concertos de **Rue Royale** e **Above the Tree** a pasada primavera, este mes de Outubro tócalle a quenda a os norteamericanos **Wires Under Tension** e a os escoceses **Conquering Animal Sound**, dúas xoias que brilarán con luz propia en **Vigo** e **Santiago** respectivamente.

O primeiro concerto desta tempada será o de [Wires Under Tension](#), un dúo de **Nova York** composto polo multi-instrumentista **Christopher Tignor**, quen alterna o violín, sampler e teclados, e o batería **Theo Metz**, que conta cun espectacular directo e unha actitude inqueda que lles leva a reprantexar o que a música instrumental pode chegar a ser e que, por dar algunha referencia, tece pontes co discurso de grupos como **Tortoise** o **Battles**.

O concerto será na **Fábrica de Chocolate** de Vigo o vindeiro martes 4 de Outubro ás 21:00h e suporá a presentación en Galicia do seu aclamado álbum de estrea "*Light Science*" (**Western Vinyl**, 2011), un disco no que, superando calquera posible etiqueta post-rock, o dúo emprega un variado arsenal de instrumentos para construír capas de sons que contrastan cunha potente percusión. O resultado, fresco e sorprendente, constitúe unha innovadora volta de porca á música instrumental, sen esquencer unhas melodías hipnóticas e envolventes. En definitiva, unha proposta que non deixará indiferente a ninguén, especialmente no directo.

O ciclo continua cos escoceses [Conquering Animal Sound](#), tamén un dúo, pero mentres que cos de Nova York prima a intensidade e o ímpeto, no proxecto de **Anneke Kampman** e **James Scott** predomina a fragilidade e o detalle, encantacións minimalistas a base de loops, beats e samples transportados con dozura pola magnífica voz de Anneke, cun timbre reminiscente o da raiña do pop islandés.

Presentarán "*Kammerspiel*" (**Gizeh Records**, 2011), o seu álbum de estrea, o próximo domingo 23 de Outubro no **Pub Cachán** de Santiago de Compostela. Un concerto cunha ambientación moi especial, onde cincuenta privilexiados poderán desfrutar do concerto sentados en cómodos sofás e puffs, un entorno ideal para abstraerse nas capas melódicas do grupo de **Glasgow**.

Ambos os dous concertos serán os únicos en terras galegas e suporán a oportunidade de desfrutar en directo de dúas propostas moi dispares pero igualmente atractivas, unha mostra de talento e sensibilidade que atraparán a máis dun espectador.

As entradas para ambos os dous concertos estarán á venda a partires do mércores 21 de Setembro en **Honky Tonk** e **Elepé** (Vigo) para o concerto de Wires Under Tension, e en **A Tenda Reixa** e **Gong Discos** (Santiago) para o de Conquering Animal Sound.

Así mesmo tamén é posible mercar as entradas online en ticketea.com/wiresundertension y ticketea.com/conqueringanimalsound.



Wires Under Tension

4 de Outubro - 21:00

Fábrica de Chocolate, Vigo

Anticipada: 6€

Despacho de billetes: 8€

Socios: 5€

Fotos Hi-Res: <http://bit.ly/photo-WUT>

<http://www.wiresundertension.com/>



Conquering Animal Sound

23 de Outubro - 21:00

Pub Cachán, Santiago de Compostela

Anticipada: 6€

Despacho de billetes: 8€

Socios: 5€

Foto Hi-Res: <http://bit.ly/photo-CAS>

<http://conqueringanimalsound.tumblr.com/>

Links de interese:

(Vídeo) “*Electricity Turns Them On*” de **Wires Under Tension**: <http://vimeo.com/18883538>

(Vídeo) “*Tracer*” de **Conquering Animal Sound**: <http://vimeo.com/25304232>

(Audio) “*Kammerspiel*” de **Conquering Animal Sound**: <http://soundcloud.com/gizeh/sets/gzh27>

Contacto:

Asociación Desconcierto Cultural

email ciclo: placeresocultos@desconciertocultural.com

email general: info@desconciertocultural.com